

INFORMACIÓN

Dálle Luz á Túa Factura

A Xunta activa a segunda fase da campaña “Dálle luz á túa factura”, unha iniciativa de divulgación, formación e sensibilización que pretende chegar á cidadanía o contido do recibo eléctrico e consellos para aforrar no consumo de electricidade. Os obxectivos principais que persigue este proxecto son:

- Facilitar a comprensión da factura da luz utilizando unha linguaxe comprensible para o cidadán, linguaxe non exenta, sen embargo, de rigorosidade.
- Dar a coñecer os dereitos que nos asisten como consumidores eléctricos.

Para isto elaboráronse distintas ferramentas de comunicación entre as que destaca unha aplicación informática que permite:

- ✓Coñecer máis detalladamente todos os conceptos relacionados coa factura da electricidade: Prezo Voluntario ao Pequeno Consumidor (PVPC), termo de potencia, discriminación horaria, contadores intelixentes, mercado eléctrico, etc.
- ✓Diferenciar entre cada un dos axentes do sector eléctrico.
- ✓Calcular de xeito personalizado o termo de potencia contratada máis aconsellable en función do equipamento da vivenda.
- ✓Calcular de xeito personalizado a tarifa máis adecuada en función do equipamento da vivenda e do uso do mesmo.
- ✓Extrapolar os resultados con cuantificación económica e ambiental.
- ✓Obter consellos de aforro e eficiencia enerxética en iluminación, electrodomésticos, etc.
- ✓Coñecer os dereitos dos consumidores e ónde se poden formular as reclamacións e trámites relacionados coa factura da luz.

Para acceder á Aplicación:

<http://www.inega.es/informacion/simuladores/>

Segue a campaña no Facebook

[Facebook.com/dalleluzatuafactura/](https://www.facebook.com/dalleluzatuafactura/)

Teléfono de información da campaña: 900 90 77 23



XUNTA
DE GALICIA

galicia

inega
INSTITUTO
ENERGÉTICO DE GALICIA

INSTITUTO
GALEGO DE
CONSUMO

